



Concello de Vilariño de Conso

D^a. Ana María Loureiro Silva, Secretaria-interventora do Concello de Vilariño de Conso, do que é Alcaldesa-Presidenta, D^a. Melisa Macía Dominguez,

CERTIFICO:

“Que en data 9 de decembro de 2025, a Sra. Alcaldesa ditou o seguinte DECRETO DE ALCALDIA:

Visto o expediente tramitado segundo Providencia de Alcaldía de data 23/10/2025, para a concesión de axudas para o fomento da natalidade, por nacemento ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2025 no Concello de Vilariño de Conso.

Por Decreto de Alcaldía de data 23/10/2025 aprobouse a convocatoria de axudas por nacemento ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2025, cuxo anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 216 de data 10 de novembro de 2025 na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Vilariño de Conso e na BDNS (código 864145).

Á vista da solicitudes presentadas en prazo, e o informe proposta do órgano instructor, segundo o previsto nas bases reguladoras, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, informe de intervención, e o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local,

ACORDO:

PRIMEIRO: *Conceder a axuda por nacemento ou adopción de fillos e fillas, a os seguintes beneficiarios e polas contías indicadas, con cargo ó orzamento do exercicio 2025 :*

NOME	DNI	IMPORTE
LORENA GARCÍA BARJA	***3286**	500,00 €

SEGUNDO: *Segundo establece a base décimo segunda das bases reguladoras os interesados deberán presentar a xustificación antes do día 19 de decembro de 2025.*

TERCEIRO: *Notificar a presente resolución á interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes, e publicar a presente na sede electrónica do Concello de Vilariño de Conso <https://vilarinodeconso.sedelectronica.gal> e na BDNS.*





Concello de Vilariño de Conso

O que asino, en Vilariño de Conso, co visto e prace da Sra. Alcaldesa, na data indicada á marxe.”

Vº e Pr.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA-INTERVENTORA,

Asdo.: Melisa Macía Domínguez

Asdo.: Ana M.^a Loureiro Silva

(documento asinado electrónicamente á marxe)

